



Empresa: *MALASOMBRA PRODUCCIÓN S.L.*

Compañía: ***MALASOMBRA***

Espectáculo: **TESTOSTERONA**

SINOPSE:

O director dun importante medio de comunicación debe deixar o seu posto en mans dun dos seus dous sub-directores. Un é muller, home o outro. Que influirá nesa decisión?: a capacidade?, o sexo?, a experiencia?, a audacia?, o engano?, a trampa?..

SOBRE TESTOSTERONA: parece unha fábula contemporánea na que son posibles múltiples lecturas; pero na que unha sobresa: a idea de que a muller se conforma con alcanzar as cotas de poder que o sistema –creado por homes- estableceu. Iso apréciase nas reivindicacións que as mulleres fan (aínda hai poucas directoras, poucas executivas, poucas catedráticas) e así os mecanismos de corrupción instalados nas estruturas de poder perpetúanse.

A obra invita a múltiples reflexións: en que consiste a erótica do poder? As mulleres en cargos directivos poden establecer un novo modelo de relación menos paternalista, máis colaborativo ou son simplemente mulleres con modos masculinos de funcionamento? Ten que ver o xénero co exercicio do poder? Existe unha ética alternativa á hetero-patriarcal capitalista ou a única saída é a completa deconstrución das relacións laborais (e sociais e persoais)?